



EXERCICIO 2014

FUNDACIÓN
OLGA GALLEGO

FUNDACIÓN OLGA GALLEGO

MEMORIA ABREVIADA ANUAL EJERCICIO DE 2014

FUNDACIÓN OLGA GALLEGO

Nº DE REXISTRO:

31/12/2014

CIF: G70402698

O SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE



Contido

1. ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN	2
1.1. Constitución.	2
1.2. Interese cultural.	2
1.3. Padroado.	2
1.4. Fins	2
1.5. Actividades	3
1.5.1. Difusión da Fundación na Rede.	4
1.5.2. Creación do Premio Olga Gallego sobre investigación arxivística	4
1.5.3. Inicio da preparación das I Xornadas de arquivos Olga Gallego.	5
1.5.4 Compromiso ético.	6
1.6. Sede da fundación.	6
2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS	6
3. EXCEDENTE DO EXERCICIO.....	7
4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN	7
5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS.....	7
5.1. Movemento:.....	7
9. FONDOS PROPIOS.....	8
10. SITUACIÓN FISCAL.....	8
11. INGRESOS E GASTOS.....	8
12. SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS	8
15.1. Cambios no órgano de goberno, dirección e representación.	9



1. ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN

1.1. Constitución.

A Fundación Olga Gallego constituíuse na Coruña o día 24 de febreiro de 2014 por escritura pública outorgada perante o notario don José Manuel Lois Ponte, do Ilustre Colexio de Galicia, por dona Pilar Gallego Domínguez, irmá de Olga, e don Pedro López Gómez, que é presidente vitalicio dela.

1.2. Interese cultural.

A Fundación foi clasificada de interese cultural para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego por Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, adscribíndoa ao protectorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por Orde do 28 de maio de 2014 (DOG núm. 118 do 23 de xuño de 2014). Por Resolución do 30 de xuño de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, declarouse de interese galego e ordenouse a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Olga Gallego (DOG núm. 132, do 14 de xullo de 2014).

1.3. Padroado.

De acordo co artigo 12 dos seus Estatutos, a Fundación está composta por un padroado, constituído polas seguintes persoas:

D^a Pilar Gallego Domínguez. Presidenta honoraria.

D. Pedro López Gómez. Presidente.

D^a María Dolores Pereira Oliveira. Vicepresidenta.

D. Gabriel Quiroga Barro. Secretario.

D^a Isabel Buján Bernárdez. Vogal. Representante da Asociación de Arqueiros, Bibliotecarios, Documentalistas e Museólogos de Galicia (BAMAD-GALICIA).

D^a María del Mar García Miraz. Vogal.

D^a Olimpia López Rodríguez. Vogal

D^a Minia Martul Tobío. Vogal honoraria.

1.4. Fins

A fundación, segundo se establece no artigo 6 dos seus estatutos, ten como fins:



- A protección, defensa e fomento dos Arquivos e do Patrimonio documental de Galicia e de interese para Galicia, e doutros territorios con vínculos culturais coa nosa comunidade como América e Portugal.
- O fomento da investigación sobre Arquivos e documentos de Galicia e de interese para Galicia, e doutros territorios con vínculos culturais coa nosa comunidade como América e Portugal.
- O fomento e estudo da Arquivística.
- O fomento da formación dos profesionais dos arquivos.

Para a consecución destes fins, e de acordo co artigo 7 dos seus Estatutos, que constan anexos á escritura fundacional, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

- a) Organizar congresos, xornadas, exposicións e certames sobre temas de interese para os arquivos e para os profesionais dos arquivos.
- b) Organizar conferencias, seminarios e outras actividades encamiñadas á difusión e ao coñecemento dos arquivos e do patrimonio documental
- c) Establecer comisións e grupos de traballo que realicen investigacións, estudos, enquisas e proxectos relacionados cos arquivos e os profesionais dos arquivos.
- d) Favorecer a investigación científica e técnica sobre arquivística, arquivos e documentos.
- e) Organizar premios de investigación en materia de protección, fomento e defensa do patrimonio documental, ou calquera outro aspecto relacionado coa arquivística e os arquivos.
- f) Editar traballos sobre arquivos e patrimonio documental
- g) Organizar cursos e outras actividades formativas relacionadas coa arquivística e cos arquivos.
- h) Crear canles de comunicación con institucións relacionadas cos arquivos e cos profesionais dos arquivos
- i) Así como calquera outra actividade de natureza análoga ás anteriores

1.5. Actividades

As actividades realizadas no exercicio foron:

De acordo co plan de actividades aprobado na xuntanza do 4 de marzo, as previstas



para o ano 2014 foron as seguintes: 1. Difusión da Fundación na rede, 2. Creación do Premio Olga Gallego sobre investigación arquivística e 3. Inicio da preparación das I Xornadas de arquivos Olga Gallego, a celebrar no ano 2015.

Ademais, e por iniciativa de Olimpia López, redactouse un compromiso ético que rexerá o comportamento de todos os membros do Padroado en relación co seu funcionamento.

Non se mencionan entre estas actividades todas aquelas que implicaron, ao longo dunha boa parte do ano, a constitución, elaboración de Estatutos, inscrición no Rexistro Público de Fundacións de Interese Galego ou solicitude no Número de Identificación Fiscal, provisional, primeiro, e logo definitivo.

1.5.1. Difusión da Fundación na Rede.

Co asesoramento da Asociación de Bibliotecarios, Arquivistas, Museólogos e Documentalistas de Galicia, establécéronse en primeiro lugar o itinerario e os medios para conseguir a máxima difusión en internet. Estes deberían ser: a creación e rexistro dun dominio; a creación dun portal web e dunha conta de correo electrónico corporativo.

Baixo estes presupostos, realizáronse as seguintes actividades:

- Fixación do contido e da estrutura do portal.
- Selección e contratación dunha empresa que realice o deseño, registre o dominio, encárguese do aloxamento da páxina e cre unha conta de correo electrónico corporativo. Resultou adjudicatario do proceso de selección a empresa Enxenio, por valor de 3.181, 09 €, IVE incluído.

1.5.2. Creación do Premio Olga Gallego sobre investigación arquivística

O Padroado da Fundación decidiu que esta sería a primeira actividade pública que faría e por tanto debería dársele prioridade sobre as demais.

A tal fin, constituíuse un pequeno grupo de traballo para avanzar na súa organización. Formaron parte del Olimpia López, Isabel Buján e M^a Dolores Pereira. Este grupo



comezou por analizar o cadro comparativo que elaborou M^a Dolores a partir da información que recolleu de diferentes fontes.

O contido do proxecto de convocatoria elaborado por este grupo foi aprobado polo Padroado na súa reunión do 19 de decembro de 2014.

Está previsto anunciar esta actividade no momento de lanzamento da páxina web.

O obxecto deste premio é destacar, impulsar e difundir traballos sobre investigación en Arquivos. Vai destinado a persoas tituladas universitarias nos últimos 5 anos de xeito individual ou colectivo. Está dotado cunha soa recompensa de 2.000 euros.

Os traballos que se presenten poderán ter unha extensión máxima de 200 páxinas e mínima de 50. Serán orixinais e inéditos, non premiados nin procedentes doutros fallos e versarán sobre cuestións teóricas relativas a tratamento arquivístico, custodia, acceso, difusión e historia da Arquivística, dos arquivistas, das arquivistas e dos arquivos. Serán xulgados por un xurado composto por 5 persoas pertencentes ao ámbito da arquivística e dos arquivos, do que non poderán formar parte os membros do Padroado.

O traballo premiado, xunto cos que obteñan mencións honoríficas, publicaranse en formato electrónico de forma permanente na páxina web da Fundación.

1.5.3. Inicio da preparación das I Xornadas de arquivos Olga Gallego.

Para a preparación inicial destas actividades, conformouse unha comisión con M^a del Mar García, Pedro López e Gabriel Quiroga. Aínda que inicialmente se prevía que o tema das primeiras xornadas sería o de *Arquivos dixitais e retos profesionais*, posteriormente decidiuse que tería maior interese abordar a materia da *transparencia* (que non deixa de estar ligado tamén aos arquivos dixitais). Con este fin, contactouse con Severiano Fernández Ramos, catedrático de Dereito administrativo da Universidade de Cádiz, con Daniel de Ocaña Lacal, arquivista do Tribunal Constitucional, e con Elena Rivas Palá, arquivista municipal de Zaragoza; todas persoas de recoñecido prestixio no mundo dos arquivos, e particularmente en relación con este tema, como relatores principais. Os tres aceptaron participar no evento.

Así pois, as Xornadas, que levarán o título de “Transparencia versus corrupción: os arquivos e a democracia”, desenvolveranse durante dous días no mes de outubro do ano 2015 e organizaranse ao redor deses tres relatores principais con sesións de comunicacións e unha mesa redonda.

Haberá un comité de honor, un comité organizador, probablemente composto polo propio Padroado, e un comité científico para avaliar as comunicacións que se presenten.



1.5.4 Compromiso ético.

O Padroado aprobou o texto do Compromiso ético da Fundación na súa reunión do día 19 de decembro.

O compromiso ético da Fundación Olga Galego quere ser, en primeiro lugar, a resposta ás necesidades da sociedade arquivística galega, demandas que en ningún caso deben ser confundidas coas económicas que se relacionan cos mercados financeiros, nin tampouco coas estritamente políticas, dirixidas polas institucións públicas, senón con aquelas que atopan o seu ámbito de actuación na liberdade creativa, na responsabilidade social e nos principios dunha sociedade cívica e democrática.

En segundo lugar, a Fundación pretende promover aquelas peticións sentidas por toda esa comunidade que non se atopan debidamente atendidas. Por iso quere converterse nun instrumento para detectalas, asumilas e xestionalas creando as ferramentas necesarias de reflexión para desta forma fomentar o intercambio de ideas entre todos os profesionais dos arquivos.

En terceiro lugar, quere converterse no espazo idóneo para desenvolver compromisos éticos a longo prazo afastados dos imperativos conxunturais e cortoplacistas.

Finalmente, intentará transmitir estes valores éticos a todas as institucións sociais coas que colabore e coopere, fortalecéndoos entre todas as persoas que traballen por e para a Fundación.

1.6. Sede da fundación.

A fundación ten o seu domicilio na rúa Rosalía de Castro, 13, Baixo. 15004. A Coruña.

2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

a) Imaxe fiel:

As contas anuais reflexan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación.

b) Principios contables non obrigatorios aplicados:

Aplicáronse, en todo caso, os principios contables obrigatorios.

c) Comparación da información:

Por ser éste ano o do comenzo da actividade da Fundación, non se pode establecer unha comparativa cos datos do exercicio anterior.



3. EXCEDENTE DO EXERCICIO

3.1. As principais partidas que forman o excedente do exercicio e os seus aspectos significativos son:

A Fundación pecha con perda o exercicio 2014, por importe de 686,28 euros.

3.2. Proposta de aplicación do excedente:

Non procede distribución do excedente por rematar con perda.

4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

a) Inmovilizado intanxible:

A partida recolle un 40 % do deseño dunha páxina web, que por non ter finalizado no ano 2014, comezase a amortizar, segundo as táboas de amortización contables, no ano 2015.

b) Inmovilizado material

Non figura contabilizado ningún inmovilizado material.

c) Investimentos inmobiliarios:

Non figura contabilizada ningunha partida de investimentos inmobiliarios.

d) Ingresos e gastos:

Os únicos gastos que se recollen na conta de Perdas e Ganancias son os gastos de notaría para a constitución da fundación e taxas derivadas da posta en funcionamento da mesma, que son imputados totalmente, neste exercicio 2014.

5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS.

5.1. Movemento:

O movemento de cada unha destas partidas, durante o exercicio, foi o seguinte:

	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo final
Inmovilizado material				
Inmovilizado intanxible		1.441,84		1.441,84



	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo final
Investimentos inmobiliarios				
TOTAIS		1.441,84		1.441,84

9. FONDOS PROPIOS

O saldo de esta partida é de 200.000 euros, e procede da dotación fundacional por parte da socia fundadora Dona Pilar Gallego Domínguez.

10. SITUACIÓN FISCAL

10.1. Imposto sobre beneficios

O réxime fiscal aplicable á entidade é o réxime especial de entidades parcialmente exentas.

10.2. Outros tributos

Na partida doutros tributos recóllese as taxas para a posta en funcionamento da fundación.

11. INGRESOS E GASTOS

Só recolle os gastos necesarios para a constitución da Fundación.

12. SUBVENCÍONS, DOAZÓN E LEGADOS

Só recolle a doazón derivada da escritura fundacional por importe de 20.000 euros

	Saldo inicial	Entradas	Saídas (devolucións)	Imputado resultados	Saldo final
Subvencións					
Doazóns	200.000				200.000
Legados					



15. OUTRA INFORMACIÓN

15.1. Cambios no órgano de goberno, dirección e representación.

- 14 de marzo de 2014:
 - o Noméase a dona Pilar Gallego Domínguez presidenta honoraria.
 - o Ratificar o nomeamento de don Pedro López Gómez como presidente vitalicio da Fundación e habilitalo para que exerza a súa representación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas e privadas, de acordo co reflectido no artigo 18 do estatutos.
 - o Designar a dona María Dolores Pereira Oliveira vicepresidenta da Fundación.
 - o Designar secretario a don Gabriel Quiroga Barro.
 - o Désígnase a asociación profesional Asociación de Arqueiros, Bibliotecarios e Museólogos de Galicia membro do Padroado da Fundación. Este nomeamento non será efectivo, de acordo co establecido no artigo 15 dos Estatutos, ata que a Fundación non figure inscrita no Rexistro de Fundacións de interese galego.
- 10 de abril de 2014:
 - o D^a Pila Gallego Domínguez acepta o seu cargo de presidenta honoraria.
 - o D^a Isabel Buján Bernárdez, vicepresidenta da Asociación de Arqueiros, Bibliotecarios e Museólogos de Galicia nomeada representante desta asociación na fundación, acepta o seu cargo de patroa.
 - o Acéptase o nomeamento nomeamento como patroa honoraria de dona Minia Martul Tobío, directora xubilada da Biblioteca Nodal de Ourense, polos especiais vínculos de amizade que a unían con Olga Gallego
- 7 de novembro de 2014.
 - o D^a Minia Martul Tobío acepta o seu cargo como patroa honoraria.

A Coruña, 15 de xuño de 2015